

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

**11880** *Corrección de erros do Real decreto 814/2015, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.*

Advertidos erros no Real decreto 814/2015, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 230, do 25 de setembro de 2015, cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1, no primeiro parágrafo, cuarta liña, onde di: «...introduciu modificacións nas leis 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e na 31/2007, do 30 de outubro,...», debe dicir: «...introduciu modificacións na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e na Lei 31/2007, do 30 de outubro,...».

Na páxina 6, no artigo 3.3, onde di: «O secretario xeral será designado de entre funcionarios de carreira de corpos e escalas aos cales se acceda con título de licenciado ou de grao...», debe dicir: «O secretario xeral será designado de entre funcionarios de carreira de corpos e escalas aos cales se acceda co título de licenciado ou de grao...».

Na páxina 6, no artigo 5, onde di: «Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente do Tribunal será substituído polo vogal de máis antigüidade no Tribunal, e de maior idade, por esta orde», debe dicir: «Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente do Tribunal será substituído polo vogal de máis antigüidade no Tribunal, e o de maior idade, por esta orde».

Na páxina 7, no artigo 10, no título e no número 1, onde di: «Artigo 10. *Atribución de competencia polas comunidades e cidades autónomas de Ceuta e Melilla.*

1. As comunidades autónomas, así como as cidades autónomas de Ceuta e Melilla, poderán atribuír ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais a competencia para resolver...», debe dicir: «Artigo 10. *Atribución de competencia polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.*

1. As comunidades autónomas, así como as cidades de Ceuta e Melilla, poderán atribuír ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais a competencia para resolver...».

Na páxina 9, no artigo 16.2, na última frase, onde di: «No entanto, o citado incumprimento poderá ser alegado polo recorrente no seu recurso cos efectos establecidos no artigo 29.4 deste regulamento», debe dicir: «No entanto, o citado incumprimento poderá ser alegado polo recorrente no seu recurso cos efectos establecidos no artigo 29.3 deste regulamento».

Na páxina 11, no artigo 22.1, ordinal 6º, onde di: «Que se xunten ao escrito de interposición os documentos e requisitos a que se refire o artigo 44.5 do texto refundido, sen prexuízo do disposto nel respecto da posibilidade de emenda», debe dicir: «Que se xunten ao escrito de interposición os documentos e requisitos a que se refire o artigo 44 do texto refundido, sen prexuízo do disposto nel respecto da posibilidade de emenda».